

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

1. Espazos e dotación

Dende a implantación do título, os recursos materiais, instalacións, infraestruturas e servizos foron os apropiados para un desenvolvemento satisfactorio do proceso de ensino-aprendizaxe. A Facultade de Filoloxía dispón dunha ampla dotación de espazos, incluíndo aulas, laboratorios de idiomas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencias, salas de traballo, salas de reunións, Salón de Graos e Salón de Actos, con cobertura de rede wifi en todo o edificio. Os espazos están acondicionados e dotados co equipamento informático e audiovisual necesario para o axeitado desenvolvemento das actividades previstas no programa educativo dentro do marco do EEES e de acordo co número de estudantes matriculados. A información detallada sobre os espazos e a dotación dos mesmos está dispoñible en <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/infraestruturas.html>

A Facultade dispón tamén nas súas instalacións dun servizo de reprografía e impresión que ofrece, entre outras prestacións, a dixitalización de materiais docentes, impresión, encadernación, material de papelería, asesoramento gráfico e deseño. Nos últimos anos este servizo foi remodelado, optimizando as súas funcións por medio da incorporación de vías dixitais e da instalacións de máquinas de autoservizo.

2. Biblioteca

A Biblioteca Universitaria (BUSC) conta cun dos seus puntos de servizo na Facultade de Filoloxía, que ofrece un fondo documental amplo e actualizado tanto de libros como de publicacións periódicas, así como de documentos de acceso dixital. A pesar das restricións orzamentarias dos últimos anos, a Biblioteca da Facultade de Filoloxía continúa a ser unha ferramenta fundamental para a docencia e a investigación do Centro, polo que existe un firme compromiso por parte do equipo decanal, dos departamentos e dos grupos de investigación que teñen a súa sede na Facultade para paliar na medida das súas posibilidades os efectos dos recortes orzamentarios dos recursos centralizados da BUSC. Cómpre sinalar que, exceptuando a Biblioteca Xeral, a Biblioteca de Filoloxía é a biblioteca da USC con maior número de monografías e unha das que posúe unha maior cantidade de subscricións a revistas. Os fondos bibliográficos albergados converten así a biblioteca de Filoloxía nunha das máis importantes do estado español no ámbito dos estudos filolóxicos. Os datos correspondentes ao ano 2015 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Títulos monografías ingresadas: 2.562

Títulos publicacións periódicas ingresadas: 416

Total volumes monografías a 31/12/2015: 196.144

Documentos catalogados en 2015 (monografías, p. periódicas, analíticas...): 5.088

Volumes prestados no Centro: 57.282

O persoal da Biblioteca realiza anualmente unha revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias de todas as titulacións de grao do Centro para garantir a dispoñibilidade de todos os manuais e fontes bibliográficas ao comezo do curso académico e, no seu caso, a adquisición de novos exemplares das obras máis consultadas. Así mesmo, a Biblioteca ofrece todos os anos cursos de formación para os estudantes da Facultade; cómpre salientar o curso online de formación en competencias informacionais dirixido a estudantes de 1º, que se celebra nos meses de outubro e novembro co obxectivo de iniciar ao alumnado na adquisición de habilidades e destrezas básicas para planificar unha busca de información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais.

Nos últimos anos, a Biblioteca está a experimentar cambios co obxectivo de facilitar progresivamente o acceso directo dos usuarios á maior parte dos fondos documentais, mellorando así de xeito substancial a flexibilidade na consulta dos recursos bibliográficos e situando a Biblioteca do Centro nos estándares vixentes para este tipo de servizos. Así, por exemplo, dende o curso 2012-2013 permítese o acceso aos fondos do depósito da biblioteca aos alumnos que cursan a materia *Traballo Fin de Grao*, co fin de facilitarlles o uso do material bibliográfico necesario para a elaboración do TFG.

A Biblioteca conta ademais nas súas instalacións con espazos para o traballo en grupo, que complementan os espazos dispoñibles na Facultade.

3. Accións de mellora

Nos últimos anos realizáronse diferentes accións de mellora nas instalacións da Facultade así como no seu equipamento informático, na medida en que os escasos recursos económicos do Centro (crédito descentralizado da Universidade) o permitiron nun escenario económico desfavorable. Neste contexto cómpre salientar a priorización de captación de recursos que vén facendo a Facultade nestes anos para a renovación de equipos informáticos (ordenadores, canóns, software dos laboratorios de idiomas etc.), a mellora dos seus fondos bibliográficos e o acondicionamento dos espazos docentes a través das axudas para accións de mellora da docencia convocadas pola Universidade, incluídas nos plans de mellora do Centro e aprobadas nas Memorias de Calidade. Estas melloras contribúen de xeito decisivo a garantir o adecuado desenvolvemento das competencias que definen o título e das actividades recollidas na memoria de verificación.

Melloras máis significativas dos últimos catro cursos:

- Renovación de equipamento informático e audiovisual de apoio á docencia: substitución de equipos nas aulas e instalación e actualización do software necesario para cubrir as necesidades docentes do profesorado, co fin de mellorar os medios utilizados para a dispensa das clases. Cursos 2012-2013 (Financiamento: convocatoria 2012 de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia; 6.000 euros), 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016.

- Obras de acondicionamento e compra de mobiliario e equipamento informático para dúas novas aulas para a docencia. Financiamento: convocatoria 2014 de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (4.130,79 euros). Curso 2013-2014.
- Adquisición dun segundo equipo de videoconferencia, imprescindible para a implantación no curso 2013-2014 de dous mestrados interuniversitarios e para facilitar a realización de reunións con docentes que pertencen a Departamentos con sede no noso centro pero que imparten docencia no Campus de Lugo, nomeadamente co profesorado da Facultade de Humanidades dese campus encargado da docencia do 'grupo B' do Grao en Lingua e Literatura Españolas. Ademais da compra do material informático e do mobiliario necesario, a Facultade realizou obras de reforma e acondicionamento do espazo ocupado pola nova sala de videoconferencia, unindo tres dependencias do edificio. Cursos 2012-2013 e 2013-2014.
- Melloras na dotación de cobertura da rede wifi da Facultade. Financiamento: convocatoria 2015 de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (4.900 euros). Curso 2015-2016.
- Reubicación da aula de informática de acceso libre aos estudantes nunha sala máis axeitada ás súas funcións. Curso 2013-2014.
- Substitución do anterior sistema de calefacción das aulas (4ª fase). Curso 2013-2014.
- Reparación dos numerosos problemas de humidade e filtracións que causaron un importante deterioro das instalacións da Facultade nos últimos anos. Cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016.
- Renovación dos equipos informáticos da aula de informática de docencia (D02) e do laboratorio de idiomas (B04) e adquisición de novo software para o laboratorio de idiomas (B04). Financiamento: convocatoria 2016 de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (24.106,29 euros). Curso 2015-2016.
- Incremento da dotación bibliográfica da biblioteca da Facultade. Ademais das adquisicións centralizadas con cargo aos orzamentos da BUSC, fixéronse importantes achegas extraordinarias para a compra de material bibliográfico por parte da Facultade e de varios grupos de investigación. Cursos 2012-2013, 2013-2014 (Financiamento: convocatoria 2013 de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia da USC; 4.000 euros), 2014-2015 e 2015-2016.

4. Campus Virtual

O uso do Campus Virtual (<http://www.usc.es/gl/servizos/ceta/tecnoloxias/campus-virtual.html>) como plataforma de soporte para a docencia foise xeneralizando ao longo destes anos, flexibilizando así as vías de comunicación entre estudantes e profesores e ofrecendo novos recursos para o enriquecemento do proceso educativo.

5. Accesibilidade e prevención de riscos

A maior parte dos espazos da Facultade (todas as aulas, seminarios, laboratorios, salas de videoconferencias, Salón de Graos e Salón de Actos) son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, se ben as dificultades estruturais do edificio impiden a accesibilidade universal (por exemplo, o acceso aos despachos de PDI situados nos andares 2 e 4). Nos últimos anos fixéronse algunhas melloras neste ámbito (por exemplo, acceso Salón de Actos mediante unha rampla). Porén, a envergadura das obras de acondicionamento do edificio é tal que requiría dun investimento económico que a Universidade non pode asumir nestes momentos. O Centro conta con prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida, tanto nas inmediacións do acceso ao edificio coma no aparcadoiro reservado con barreira.

Por outra banda, o Servizo de Prevención de Riscos da USC (<http://www.usc.es/sprl>) pon en práctica diversos plans para a promoción da saúde e a seguridade no traballo. A Facultade adhiúrese nestes anos aos plans de autoprotección coordinados por este servizo, realizando plans de evacuación e simulacros, e implicando a estudantes, PDI e PAS na cultura preventiva e promovendo a información entre todos os colectivos. Deste xeito, a Facultade pode afrontar de forma efectiva as posibles situacións de emerxencia que se poidan producir.

6. Servizos de orientación e atención ao estudantado

6.1. Xerais:

A USC ofrece un amplo abano de servizos e recursos de orientación e atención ao estudantado (<http://www.usc.es/gl/servizos/>), entre outros os seguintes:

- A **Oficina de Información Universitaria (OIU)** (www.usc.es/oiu) proporciona á comunidade universitaria e outros grupos de interese servizos de información, orientación e asesoramento para a incorporación dos estudantes á USC e para a xestión dos distintos tipos de necesidades que poidan ir xurdindo durante a titulación. A información proporcionada pola OIU inclúe, por exemplo, a relacionada cos trámites e xestións dos procedementos académicos e de extensión universitaria.

- As **Unidades de Xestión Académica (UXA)** (<http://www.usc.es/gl/servizos/uxa/>) desenvolven, de xeito centralizado, os procesos de xestión administrativa de interese para o estudantado (matrícula, certificados, recoñecementos, actas etc.). A maior parte destas xestións poden ser tramitadas polos estudantes a través da Secretaría Virtual.

- O **Servizo de Relacións Exteriores (SRE)** (<http://www.usc.es/gl/servizos/ore/>) xestiona os programas de mobilidade (nacional e internacional) e asesora aos estudantes (ademais do PDI e PAS) no relativo a convocatorias, bolsas etc.

- A **Área de Orientación Laboral e Emprego** (<http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>) pon a disposición dos estudantes información e recursos de interese para a busca de emprego e o desenvolvemento profesional, prácticas (nacionais e internacionais), así

(c) Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

(i) A Facultade de Filoloxía organiza todos os anos accións de acollida e orientación dirixidas aos estudantes de novo ingreso, que inclúen unha xornada de benvida que se celebra o día en que se inicia a actividade lectiva do curso (presentación do equipo decanal, dos coordinadores/as dos títulos de grao/itinerario, alumno/a titor/a; indicacións xerais; reparto provisional de grupos expositivos e interactivos; presentación da biblioteca por parte do persoal do servizo etc.). Todos os cursos. Data da Xornada de benvida do curso 2015-2016: 07/09/2015.

(ii) Xornadas informativas sobre a oferta de módulos complementarios e optativos para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos. Todos os cursos. Data de celebración da xornada do curso 2015-2016: 12/04/2016.

(iii) Sesións informativas sobre o TFG para estudantes de 4º curso. Todos os cursos. Data de celebración da xornada do curso 2015-2016: 12/04/2016.

(iv) Sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudantes de segundo e terceiro cursos. Todos os cursos (as correspondentes ao curso 2014-2015 tiveron lugar o 04/11/2014 e o 04/02/2015; as do curso 2015-2016, celebráronse os días 19/11/2015 e 01/12/2015).

(v) Xornadas informativas sobre a oferta de estudos de mestrado da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de 4º curso. Todos os cursos. Data de celebración da xornada do curso 2015-2016: 14/04/2016.

(vi) Sesións informativas sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade. Se ben as memorias de verificación dos títulos de grao non incluían a realización de prácticas externas de carácter obrigatorio, si recollían a posibilidade de incorporar aos seus planos de estudos prácticas externas relacionadas co título, que suporían o recoñecemento de 6 créditos no módulo optativo do estudante. Esta incorporación produciuse no curso 2013-2014. Data de celebración da xornada do curso 2015-2016: 10/05/2016.

(vii) Sesión informativa sobre a oferta de posgrao da Facultade para o curso 2013-2014 dirixida a estudantes de 4º curso (18 de abril de 2013).

(d) Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

A Facultade de Filoloxía acolle todos os anos un elevado número de estudantado estranxeiro que chega á USC por medio dos distintos programas de mobilidade e programas de captación de estudantado internacional. Faise imprescindible, por tanto, desenvolver accións específicas para a súa acollida, orientación e integración no Centro, así como adoptar medidas encamiñadas a solucionar os posibles problemas derivados do seu baixo nivel de coñecementos de lingua española, do número excesivo de incorporacións nalgúns materias etc. Indícanse a continuación algunhas destas actividades:

(i) Actividades de integración dos estudantes de intercambio; por exemplo, a celebración do acto “A Facultade de Filoloxía acolle”, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade (9 de abril de 2013).

(ii) Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuadrimestre (VR de Internacionalización e membros do equipo decanal). Todos os cursos dende 2013-2014. Datás de celebración dos dous últimos cursos: 09/09/2014, 28/01/2015, 14/09/2015 e 27/01/2016.

(iii) Atención e orientación personalizada aos estudantes procedentes de universidades chinesas nas primeiras semanas do curso por parte do Responsable Académico de Mobilidade do Centro, asistido por un intérprete e mediador lingüístico-cultural asignado á Facultade polo Servizo de Relacións Exteriores da USC. Todos os cursos dende 2013-2014.

(iv) Posta en marcha dos denominados 'grupos de nivelación' en cinco materias do primeiro cuadrimestre dirixidos a estudantes de intercambio cun baixo nivel de coñecementos de lingua española: *Lingua española 1*, *Introdución á historia da literatura española*, *Lingüística 1*, *Gramática española 1: clases de palabras*, *Comentario literario de textos hispánicos*. Todos os cursos dende 2013-2014.

(v) Implementación de dúas materias de lingua, literatura e cultura galegas ofertadas a todos os estudantes de intercambio: *Lingua, literatura e cultura galegas 1* e *Lingua, literatura e cultura galegas 2*, que substitúen a materia de libre configuración *Lingua e literatura galega (só para alumnos de fóra de Galicia)* das desaparecidas licenciaturas. Todos os cursos dende 2014-2015.

(e) Orientación profesional

(i) Actividade de orientación laboral realizada o 11 de marzo de 2016 para estudantes de Filoloxía organizada polo Centro de Estudos e Documentación Europeos da USC, en colaboración co EURES do Servizo Público de Emprego da provincia da Coruña, e o Decanato da Facultade de Filoloxía.

(ii) Xornada informativa do programa Eurodesk por parte do Instituto de la Juventud (INJUVE) coa colaboración do Decanato da Facultade o día 30 de marzo de 2016 sobre oportunidades de estudos, prácticas e traballo na UE.

(iii) Mesa redonda sobre as saídas profesionais en Filoloxía realizada o 10 de maio de 2016 na que interviron Rossanna Couto Lago, da AGPTI (especialista en tradución médica), Isabel Vaquero Quintela, do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, e Ana María Guerra Cañizo, directora de Edicións Obradoiro.